

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A árbore da escola



Antonio Sandoval



Emilio Urberuaga



Esta é a historia da relación entre un neno e unha pequena árbore que vai medrando grazas ao agarimo que recibe del, e ao afecto doutros compañeiros da escola que seguen o seu exemplo. Malia a reticencia inicial, a mestra acaba sumándose á iniciativa do alumnado, que consegue chamar a atención dos botánicos.



Kalandraka



Demademora



9788484642596



2016



ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A viaxe de Ana




Alberte Momán



Lidia Nokonoko



A Ana dálle medo andar soa pola rúa e a natureza e quere que a avoa a acompañe. Ela faíno sempre que pode, pero ao tempo tenta que a rapaza sexa autónoma e consiga chegar a onde poida polos seus propios medios.



EDITORIAL GALAXIA



Libros para compartir



9788491514336



2020



ODS 11

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Cambiemos o mundo



VV AA (Nenas e nenos das bibliotecas públicas de Compostela, Ourense, A Coruña e Pontevedra)



VV AA (Nenas e nenos das bibliotecas públicas de Compostela, Ourense, A Coruña e Pontevedra)



Unha alegación, en textos e ilustracións, realizada pola da rapazada das bibliotecas para reivindicar o mundo que queren. Pódese acceder á versión completa en dixital.



CAPICÚA
editora



Infantil



9788494981135



2020



ODS 11

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Cen sementes que voaron



Isabel Fernandes Minhos Martins



Yara Kono



Xosé Veloso



Un libro que celebra a resistencia das sementes e a intelixencia das árbores e da natureza. Conta que unha árbore está á espera do día ideal para lanzar as sementes e que todo corra ben.



EDITORIAL GALAXIA



Varios



9788491514145



2020



ODS 15



11

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro Informativo

Primeiras lecturas



Coida o teu planeta



Jean-Michel Billioud



Didier Balicevic



Isabel Soto



Este libro permite descubrir os efectos da pegada humana sobre o mundo a partir de detalles concretos, como o feito de que se precisan 250 litros de petróleo para fabricar un computador.



sm xerme



O meu mundo



9788498540000



2007



ODS 7, 9 e 12

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



E que podo facer eu?



José Campanari



Jesús Cisneros Laguna



María Luísa Núñez Álvarez



O señor Xe le as noticias do xornal e o corpo écheselle de preocupacións. A cada momento pregúntase: “E que podo facer eu para mellorar o mundo?” Un día atopa unha resposta; outro día, outra; e outra máis...



OOO editora



O



9788498710496



2008



ODS 11 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Imaxinando un mundo novo (para ti)




Paco Ortega



Paco Ortega



Este conto ten o amor como tema principal: o amor polo próximo, co respecto polos demais e o que cada quen pensa. Aínda que non vivimos nun universo perfecto, podemos ser mellores persoas e crear un universo máis xusto para todas e todos.



Infantil



9788418687082



2021



ODS 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



No bosque



Ainara Azpiazu Aduriz




Ainara Azpiazu Aduriz



Ana Escourido Marín



Unha obra que invita a valorar o máis próximo e a coidado. Unha nena, o seu avó e unha cámara de fotos vannos axudar a descubri-lo. Un canto á beleza dos bosques e aos seres que os habitan.



Infantil



9788409275120



2021



ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Narrativa

Primeiras lecturas



Os gardiáns do bosque



Agustín Fernández Paz



Cristina Durán e Giner Bou



A historia amosa como os espazos naturais e as lendas frecuentemente van da man, e como actuacións urbanísticas sen medida poden destruír ese mundo natural e lendario.



BAÍA EDICIÓN

Infantil/Xuvenil

9788496526563

2006

ODS 15 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Narrativa

Lecturas autónomas



A cidade dos desexos



Agustín Fernández Paz



Ignacio Hernández



A primeira obra infantil publicada por Agustín Fernández Paz é un conto ecoloxista que nos lembra que rapazas e rapaces poden axudar a mellorar o mundo comezando polo máis próximo, o lugar onde viven.



XERAIS

Merlín

9788411102605

2023 (1989)

ODS 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Narrativa

Lecturas autónomas



Alma de elefante



Andrea Maceiras



Jordi Solano



Conta as aventuras dos xemelgos Suy -un rapaz con alma de bolboret- e Lawen -unha rapaza con alma de elefante- e de como as súas accións modifican a súa contorna máis próxima.



XERAIS

Sopa de Libros

9788411102377

2023

ODS 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Poesía

Lecturas autónomas



A pel do mundo



Berta Davila



Alba Cid



Uns poemas que percorren o mundo. Léndoos entraremos en contacto con persoas, sabores, nomes, linguas, costumes, palabras e formas de vida diferentes á nosa. Para mellorar o mundo, cómpre coñecerlo, tomar consciencia e botar a andar.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

9788491511465

2017

ODS 17



11

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galix

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas autónomas



A vida dos inuit



Francesc Bailón e Susana Peix



Silvia Álvarez



Un percorrido pola cultura inuit desde as súas orixes ata a actualidade para coñecer as súas tradicións, descubrir moitas curiosidades, entender a súa evolución e vida actual, nunha das zonas máis frías do planeta Terra.



cu/mio

Infantil

978-84-8289-592-5

2022

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Narrativa

Lecturas autónomas



Bruxa e familia



Paula Carballeira Cabana



Lucía (Rodríguez) Cobo



Poucas persoas saben os verdadeiros nomes das bruxas e poucas se atreven a descubrir os seus segredos. A través do achegamento ás bruxas, este libro contén varias historias para coñecer o mundo que nos rodea.



oqueleo

Infantil/Xuvenil

9788416834365

2017

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Narrativa

Lecturas autónomas



Druídas




María Canosa Blanco



Noemí López



Area cre que seu avó fai maxia, que é un dos últimos druídas de Galicia, pois o coñecemento que el ten da súa contorna é moito e moi especial.



ee edicións embora

O Globo

9788492644889

2014

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Álbum ilustrado

Lecturas autónomas



Historias da fraga revirada



Xosé Tomás



Xosé Tomás



Existe unha fraga, a Fraga Revirada, que se chama así porque nela habitan seres únicos, excepcionais, irrepitibles. Un libro que nos fala da riqueza da nosa contorna natural.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

9788491516156

2021

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas autónomas



Quen falta?



Arianna Papini



Arianna Papini



Xosé Ballesteros



A deforestación, o quecemento do planeta, o furtivismo, a contaminación... A humanidade levou á extinción a moitas especies en todo o mundo. Este libro poético recolle o testemuño dalgúns animais que xamais volverán voar, nadar ou correr.



Kalandraka



Demademora



9788484649052



2014



ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas autónomas



SOS Monstros verdadeiros ameazan o planeta



Marie G. Rohde



Marie G. Rohde



Xosé Ballesteros



Na obra fábase dos perigos actuais que ameazan a saúde do planeta Terra, presentados a través duns personaxes, ilustrados de forma moi axeitada ao imaxinario infantil, con formas que visualizan os efectos que provocan no medio natural.



BAÍA EDICIONS



Infantil/Xuvenil



9788499953380



2020

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas autónomas



Ti podes salvar o planeta (101 cousas que ti podes facer para protexer o medio)



Jacque Wines



Sarah Horne



Alexandre Casal Vázquez



O planeta está en perigo e cada rapaza e cada rapaz pode facer moito para salvalo. Este libro está cheo de ideas intelixentes, prácticas e divertidas que cada quen pode facer para que as cousas cambien e mellore a situación do planeta.



sm xerme



Infantil/Xuvenil



978-84-9854-002-4



2007



ODS 15 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas autónomas



Viches iso? Un singular percorrido pola vida das aves invisibles



José Arcas



José Arcas



A obra é unha chamada de atención para erguer a cabeza e descubrir un mundo novo arredor de nós: na praia, na aldea, na cidade, e facer un singular percorrido pola vida das aves que nos acompañan, que son para nós case sempre invisibles.



EDITORIAL GALAXIA



Lanterna de Aristóteles



9788491517122



2021



ODS 15



11

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

gálix

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES



A brea de avelaiñas



Michael McCarthy



Adrià Fruitós



Neila García Salgado



Obra sobre o cambio climático na que o prestixioso ambientalista Michael McCarthy combina lembranzas persoais da infancia do autor, anécdotas e datos rigorosos enfocados á urxencia de frear a perda de biodiversidade.

Libro informativo



Lecturas expertas



Vitamina N



9788416721702



2020



ODS 13

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES



A torre



Antonio Sandoval Rey



Adrià Fruitós




Xesús Fraga



Unha aproximación á Torre de Hércules e a súa contorna dende unha visión polisémica do monumento e do territorio que o acolle. A través dun paseo, nun día de abril, desde antes do amencer ata a caída da noite, reflexiona sobre historia e biodiversidade.

Libro informativo



Lecturas expertas



Vitamina N



9788416721276



2018

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES



Bambi. Unha vida na fraga



Felix Salten



Begoña G. Arce



María Alonso Seisdedos



Bambi é un pequeno corzo, un caparriño bulideiro que vive baixo a protección da nai. El vai descubrindo as marabillas do bosque, a beleza da natureza, da amizade e da familia, pero tamén a soidade e a morte, representada polo cazador que é o maior de todos os perigos.

Narrativa



Lecturas expertas

EDITORIAL GALAXIA



Libros singulares



9788491518266



2022



ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES



Carta do Gran Xefe Seattle



Gran Xefe Seattle




Francisco Macías



O presidente dos Estados Unidos -e escravista- Franklin Pierce envía en 1.854 unha oferta á tribo de Seattle, para lles comprar os seus territorios que hoxe forman o Estado de Washington. Seattle respondeu coa carta que é unha alegación en defensa da Terra.

Epistolar



Lecturas expertas

POSITIVAS



Plural



2020



ODS 15 e 16



Descarga libre na páxina de edicionspositivas.com

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas expertas



Coida o teu planeta



Manuel Antonio Fernández Domínguez



O noso planeta está canso de que non o respectemos. O cambio climático é un feito que temos que deter pois afecta a todo o mundo por igual. Reciclar e ser conscientes da natureza é esencial para o cambio.



Que me dis de...



978-84-85401-11-6



2005



ODS 13, 15 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Narrativa

Lecturas expertas



Colección Lendas



VV AA



VV AA



Xesús Carballo Soliño e Beatriz Fraga Cameán



Lendas de diferentes lugares do mundo nos que as civilizacións son respectuosas coa natureza.

A colección inclúe: *A flor da cerdeira*. *Lendas xaponesas*; *Dadahwat*; *lendas indias norteamericanas*; *Naiyakay*; *Escolma de lendas populares africanas*; *Popocatéptl*; *As lendas dos indios de Sudamérica*.



EDITORIAL GALAXIA



Lendas/Árbore

978-84-8288-592-6

978-84-8288-593-3

978-84-8288-745-6

978-84-8288-744-9



2023 - 2004

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas expertas



Horta ecolóxica na Galiza. Guía práctica para o cultivo




Xan Pouliquen



Calros Silvar



O libro recolle informacións sobre a produción ecolóxica. Busca resaltar o que pode ser de utilidade para as hortas galegas e ver o que pode ser de interese na produción ecolóxica do país.



BAÍA EDICIÓN



Guías Baía verde



9788496526020



2005



ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Libro informativo

Lecturas expertas



Vitamina N. Guía esencial para unha vida rica en natureza



Richard Louv



Adrià Fruitós



Carlos Acevedo Díaz



Unha guía de propostas creativas, divertidas e para todas as idades, animándonos a interactuar co mundo natural, que tantos beneficios físicos, intelectuais e emocionais achega: dende un paseo polo bosque ata mirar as estrelas.



Vitamina N



9788416721511



2019



ODS 15



CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

Ensaio


Lecturas expertas

**Zona a defender. A esperanza indócil**

Manuel Rivas



"Zona a Defender" foi unha frase que se popularizou coa loita ecolóxica en Francia. O autor fai unha chamada de alerta a través do activismo da escrita poética, o pensamento crítico e un humor desacougado. Para el todo o planeta debería ser Zona a Defender.



XERAIS



Crónica



9788491217923



2020



ODS 17

E TAMÉN...*A fraga do meu avó**Ameaza na Antártida**A memoria dos paxaros**A rede de Inés**Colección: As aventuras de Nunavut**Enciclopedia Temática Ilustrada. A ecoloxía**Enciclopedia Temática Ilustrada. A paisaxe**Nos xardíns**O futuro roubado**Os Bolechas coidamos a escola, coidamos o Planeta**Os Bolechas queren saber que é o lixo....**Os Bolechas queren saber que se bota no contedor amarelo**Os Formigón no Comité Ambiental. Auga e enerxía**Os Formigón no Comité Ambiental. Escola, ruído e transporte**Os Formigón no Comité Ambiental. Residuos e reciclaxe**Perigo vexetal**Salvamos o planeta! Respostas rápidas para preguntas enxeñosas*

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


A árbore xenerosa


Shel Silverstein




Shel Silverstein



Chema Heras



A árbore vai entregando todo canto produce ao longo do tempo. Entrégase ela mesma para que a rapazada xogue e acaba queimándose para que os humanos non teñan frío.


Kalandraka


Tras os Montes



978848649625



2015



ODS 17

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


A crebeira Marabillas


Olaia Sendón



Olaia Sendón



As crebas son, na Costa da Morte, os obxectos que as mareas depositan na ribeira. Crebeiras son as mulleres que andan ás crebas recollendo refugallo que pode ser de utilidade. Marabillas sabe que o mar agocha tesouros que se poden atopar nas crebas.


XERAIS


Pequeno Merlín



978-84-9121-988-0



2021



ODS 14

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


Brrumm-Brrumm



Alberto Varela Ferreiro



Alberto Varela Ferreiro



Hai tempo, existía un mundo onde os coches eran os donos. Para que os automóviles puidesen circular construíron estradas que cubrían toda a superficie. Nese mundo vivía Brrumm-Brrumm.


XERAIS


Merliño



978-84-9782-200-8



2004



ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


Enyd e o bosque esquecido


María Quintana Silva



Silvia Álvarez



Os animais do bosque están cansos de todas as porcalladas que chegan desde a cidade e, coa axuda de Enyd, van protestar ante os cidadáns e amosarlles as terribles consecuencias que pode ter para todos esquecer o bosque.



Camiñemos cara a un mundo verde



978-84-18687-02-0



2021



ODS 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


O camiño



Marisa Núñez



Mariona Cabassa



Imos, dun xeito poético, por esta ruta que atravesará paisaxes nos que podemos ver reflectidos distintos estados emocionais, e un percorrido temporal marcado tamén coa presenza dos paxaros. A vida máis alá do consumo, cun consello: non encher de máis a mochila, deixar atrás o innecesario, recoller semente, mirar ao ceo.



OOO editora



O



978-84-9871-634-4



2021

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


O Nadal de Ernesto e Celestina


Gabrielle Vincent




Gabrielle Vincent



Tamara Andrés



Trátase de buscar alegría nas situacións sinxelas, porque o que vale é estar xuntos sen necesidade de agasallos caros e consumo innecesario. Unha festa de Nadal sen gastos.



kalandraka



Tras os Montes



978-84-8464-418-7



2019



ODS 17

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


Os Bolechas. Como producir menos lixo



Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



Unha guía para concienciar ao alumnado máis novo sobre a importancia de reducir o refugallo e facer unha boa selección para reciclar.



bolanda



Os Bolechas queren saber



978-84-697-6522-7



2017



ODS 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas


Que fai falta?


Gianni Rodari




Silvia Bonanni



Xosé Ballesteros



As cousas máis sinxelas e desapercibidas atesouran a esencia e a beleza do mundo que nos rodea. Para acadar algo moi grande, ás veces abonda co mínimo.



kalandraka



Tras os Montes



9788484647539



2020



ODS 17

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Narrativa

Primeiras lecturas



Yared e a reciclaxe



Amelia Sánchez García



Pablo Álvarez Rosendo



Yared descobre o mundo da reciclaxe, descobre como ao deixar os obxectos que xa non serven neses contedores de cores da rúa, dámoslles a oportunidade dunha nova vida.



Contos de mamá



978-84-96950-78-8



2008



ODS 11 e 15

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Teatro

Lecturas autónomas



Carabela



Paula Carballeira



Abi Castillo



Carabela, a cociñeira dun barco naufragado, chega a unha illa de plástico rodeada de peixes mutantes. É unha obra que fala da degradación do mar e as súas consecuencias.



EDITORIAL GALAXIA



Árbore



978-84-9151-451-0



2020



ODS 14

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas autónomas



Diccionario ilustrado da reciclaxe no fogar



Gemma Sesar



Fausto Isorna



Neste diccionario ilustrado de reciclaxe no fogar atoparás 150 entradas nas que se explica de maneira concisa como reciclar correctamente gran número de obxectos de uso común, coa indicación do contedor no que deben depositarse.



978-84-122478-0-0



2020



ODS 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Narrativa

Lecturas autónomas



Lixo




Xavier López Rodríguez



Antón Taboada



Lixo, expulsada do seu fogar, vese na obriga de vivir na rúa buscando alimento nos contedores de refugallo, facéndose pasar por home para merecer un mínimo respecto.



Merlín



978-84-9914-006-3



2009



ODS 1, 2 e 5

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Narrativa

Lecturas autónomas



O misterio do lixo mutante



Carlos Freire



Alfonso Martínez e Pedro Pablo Moreno



Catro gatos da rúa atopan entre restos de comida unha misteriosa mensaxe que os levará a descubrir os segredos do mundo da reciclaxe.



Intermedio



978-84-15920-02-1



2013



ODS 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Teatro

Lecturas autónomas



O refugallo



Paula Carballeira



Dani Padrón



Os catro protagonistas viven entre o refugallo da nosa sociedade e xogan xuntos a crear un mundo novo co que outros tiran. O refugallo trata sobre a capacidade de fabulación que nos fai transformar a realidade.



Biblioteca Dramática Galega



978-84-9914-573-0



2013



ODS 1 e 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Libro informativo

Lecturas autónomas



Os xoguetes do lixo



Victor Manuel Lopez Roman, Manuel Alvarez Alonso e Ma Florencia Montes



Paco Vilabarro



Información sobre como elaborar xoguetes con materiais de refugallo, dándolles así unha segunda vida.



9788496203273



2003



ODS 11 e 15

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Álbum ilustrado

Lecturas autónomas



Un mundo para Maruxa




Estefanía Padullés



Estefanía Padullés



A través das relacións interxeracionais que se dan nesta historia, os nenos e nenas achéganse á sabedoría dos maiores e a comprender que, con esforzo, imaxinación e interese, se pode vivir sen plásticos e con iso contribuír á preservación da vida no noso planeta.



Belagua



Buguina



978-84-121433-0-0



2020



ODS 14

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Narrativa

Lecturas autónomas



Xelís, o guieiro das botellas de mar



Rosa Aneiros



Andrés Meixide



Xelís emprende unha arriscada viaxe no lombo do mascato Mult para protexer o planeta dunha gran mancha de plásticos que podería provocar unha terrible desfeita ecolóxica.



XERAIS

Merlín

978-84-9121-589-9

2019

ODS 14

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas autónomas



Xoguetes naturais: argalladas dos pícaros primavera-verán



Xosé López González e José M. García Fernández



Un caderno que nos ensina como realizar paso a paso 30 xoguetes con elementos da natureza, cun forte compromiso coa defensa do medio ambiente, e de recuperación e posta en valor do xoguete popular e tradicional.



ouvirmos

Xoguetes naturais

978-84-941053-4-0

2014

ODS 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas autónomas



Xoguetes naturais: argalladas dos pícaros outono - inverno



Xosé López González e José M. García Fernández



Este volume está dedicado aos xoguetes realizados con materiais propios do outono e o inverno. Descrición de 30 xoguetes, acompañada de máis de 200 ilustracións que mostran muiños, cataventos, lanchas, bailaretes ou bonecas, entre outros realizados con bugallos, carozos de millo, nabos, cocas ou noces.



ouvirmos

Xoguetes naturais

978-84-941053-8-8

2014

ODS 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



A bolsa ou a vida. O 99 % contra a emerxencia climática




Salvador Lladó



Patricia Buxán Outeiro



Fala dun xeito claro, didáctico e ameno da situación de emerxencia climática na que se atopa o planeta e aporta alternativas que axuden a pórlle freo.



catroventos
EDITORA

Ecología - Consumo responsable

978-84-122499-6-5

2021

ODS 13

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



Adeus, plástico! Chaves para unha vida sen residuos



Elisa Nicoli e Chiara Spadaro



María Mediero Mayán coa colaboración de María Baqueiro



Este libro explica a situación actual e propón suxestións para reducir a utilización de plásticos, con consellos prácticos para cambiar os nosos hábitos e reducir os refugallos que xeramos en todos os aspectos da nosa vida cotiá.



978-84-122499-9-6

2021

ODS 11 e 15

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



Arrecende a limpo



Mary Ann Simpson



María Mediero Mayán



Consellos e receitas para unha hixiene doméstica e persoal ecolóxicas, con produtos naturais.



978-84-124635-2-1

2022

ODS 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Ensaio

Lecturas expertas



Consumismo



Rafael Rodríguez Villarino



Libro informativo no que se analiza o consumismo da sociedade actual, as súas causas e consecuencias tanto para o medio ambiente como para a sociedade no seu conxunto e a nivel individual.



Saber para vivir

978-84-85401-22-2

2006

ODS 11 e 15

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



Limpeza creativa



Elisa Nicoli



María Mediero Mayán



Un manual práctico de ecoloxía doméstica para aprender a elaborar produtos de limpeza e cosméticos con ingredientes naturais, fáciles de preparar e que respectan a saúde e o ambiente.



978-84-945917-3-0

2017

ODS 11

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Banda deseñada

Lecturas expertas



O sabor das mazás




Marilar Aleixandre



Fran Bueno



Banda deseñada sobre alimentación saudable.



Belagua



Ciencia para todos



978-84-92923-09-0



2010



ODS 3



Pódese descargar de consellodacultura.gal

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



Primavera silenciosa




Rachel Carson



Juan José Casares Long



Un libro que denuncia os efectos prexudiciais dos pesticidas no medio ambiente (flora e fauna) e apunta as responsabilidades da industria química na crecente contaminación. Esta edición vai prologada por Pablo Ramil Rego.



SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E INTERCAMBIO CIENTÍFICO



Clásicos do pensamento universal



978-84-16533-05-3



2015



ODS 12 e 15

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



Reciclaxe



José Precioso e Renato Henriques



A produción de bens de consumo é beneficiosa, pero xera a redución de recursos naturais e grande cantidade de residuos. A reciclaxe reduce o consumo de recursos e enerxía e os problemas ambientais do seu vertido.



Que me dis de



978-84-96950-94-8



2014



ODS 11 e 15

PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE

Informativo

Lecturas expertas



Unha historia do mundo en sete cousas baratas. Sobre o capitalismo, a natureza e o futuro do planeta



Raj Patel



Miguel Braña Montaña



Natureza, diñeiro, traballo, coidados, comida, enerxía e vida: estas son as sete cousas que construíron o noso mundo e que conformarán o seu futuro.



978-84-949154-8-2



2020



ODS 7, 8 e 15

E TAMÉN...

A redución, a reutilización e a reciclaxe dos residuos

De quen é a auga

Lúa e as zapatillas de deporte

O xeito das froitas

Viravento Jones e o consumo responsable.



ACCIÓN POLO CLIMA

Libro troquelado

Primeiras lecturas



A árbore



Petra Bartíková



Magdalena Takáčová




María Reimóndez



Un carballo é como unha casa, con moitos animais, pequenos e grandes, vivindo nela.

O vento zoa alá no alto, na coroa da árbore. As pólas abanean e fregan as unhas contra as outras mentres que, nalgún lugar por debaixo delas, están as larvas de vacaloura, a araña tecendo, o cuco cantando...



BAÍA EDICIONS

Explora o reino animal

978-84-9995-289-5

2018

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A historia do Rainbow Warrior



Rocío Martínez




Rocío Martínez



Laura Almazán



Unha lenda dos indios contaba que chegaría un día en que homes e mulleres traballarían xuntos como guerreiros do arco da vella para defender a Terra e os seus habitantes da contaminación e das agresións contra a natureza. Hai anos os homes crearon un barco, con ese nome, para viaxar polo mundo protexéndoo e denunciando as agresións contra o medio e contra as especies.



Kalandraka

978-84-8464-671-6

2008

ODS 14 e 17

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A pequena árbore



Ánxeles Ferrer



Ánxeles Ferrer



A pequena árbore ía medrando nun antigo soto, vendo como pasaban as estacións e como os merlos construían niños nas súas pólas. E o tempo ía pasando, ata que un día un "prendelumes" achégase ao soto e preséntase o perigo.



XERAIS

Merliño

9788497821995

2004

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado/Narrativa

Primeiras lecturas



A viaxe de Peru



Rosa Barasoain Asurmendi



Azahar López de los Monteros Giner



Avelina Pichel Calo



Peru é un neno especialmente curioso e as súas aventuras lévano a unha viaxe increíble, na que se decata de que o planeta está en perigo. Viaxa por terra, mar e ceo... non sabe por onde empezar e poñerlle remedio a esta situación.



Fertilidad
de la Tierra

Cuentos para cuidar
la tierra

9788494369391

2015

ODS 15



13

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Naturizo. Un cheiro picante



Alba de Evan Freijedo e Javier Domínguez Pérez



Alba de Evan Freijedo e Javier Domínguez Pérez



Naturizo (un ourizo cacho que vive na Serra de San Mamede en Ourense) nota un día, de súpeto, un cheiro que lle fai picar o nariz. Algún refugallo esquecido por algún excursionista concentrou unha raiola de sol ata facer arder a herba seca. A vida de Naturizo e os seus amigos pode cambiar para sempre... Unha historia que fala dos lumes na natureza, as súas consecuencias e como podemos previlos.



LINTEO
EDICIONES

Infantil

978-84-945800-5-5

2017

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



O carballo



Calros Silvar



Calros Silvar



Todos os habitantes da natureza formamos un gran equipo. Dependemos uns dos outros para termos éxito e triunfar. O Carballo cóntanos como é a súa vida e as relacións cos demais seres vivos do seu ecosistema.



BAÍA EDICIÓN

Aventura de vivir

9788499950372

2012

ODS 15 e 17

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



O raposo Rufo en O coidado do medio



Dani Viéitez García



Iria Iglesias Álvarez



Rufo e os seus amigos ensinan como coidar do seu contorno mantendo limpos os espazos naturais, reutilizando, reciclando... pequenos xestos cos que frear o deterioro do medio ambiente.



ee edicións embora

O raposo Rufo en

978-84-16456-32-1

2016

ODS 12 e 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Pétala



Pep Bruno



Luciano Lozano



Pétala non ten auga para regar as súas flores, e acude ás nubes na busca de respostas. Alí atopa un terrible dragón que quedou coa casa da chuvia.



OOO editora

O

978-84-9871-651-1

2008

ACCIÓN POLO CLIMA

Narrativa

Primeiras lecturas



Un cabalo de lume



Fina Casalderrey



Valentí Gubianas



O bisneto do señor Paco, Francisquiño, interroga ao seu bisavó: "Os homes non puideron facer iso, verdade?" Un enorme lume destrúe casas, animais, monte... todo o que arrodea a súa aldea. O señor Paco fálalle da Ave Fénix. Unha historia para reflexionar sobre o respecto polo medio e a responsabilidade que temos no seu coidado.



BAÍA EDICIÓN

Mar de letras

9788496893276

2007

ODS 12 e 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Unha árbore



Rodrigo Mattioli



Rodrigo Mattioli



Mónica Lourido Santiso



Alina decidiu plantar unha árbore, e todo o seu entorno mudou. En ocasións, un pequeno xesto pode cambialo todo: a árbore crece, animalíños instálanse nela, crecen froitas, os insectos séntense atraídos... Moitas novas vidas a partir dun pequeno xesto.



apila
EDICIONES

Alina

978-84-17028-28-2

2019

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Xaime e as landras



Tim Bowley




Inés Vilchez



G. Tolentino



Xaime plantou unha landra, pero un esquío levouna e escondeuna. Xaime non se rendeu e seguiu tentándoo, pero os animais comían os brotes, un leñador cortou a árbore... ata que por fin o conseguiu. Unha historia sobre o amor pola natureza e a convivencia respectuosa con ela.



Kalandraka

Demademora

978-84-8464-532-0

2005

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Libro informativo

Lecturas autónomas



50 cousas que os nenos poden facer para salva-la terra



VV.AA.




Inés Vilchez



G. Tolentino



Xaime plantou unha landra, pero un esquío levouna e escondeuna. Xaime non se rendeu e seguiu tentándoo, pero os animais comían os brotes, un leñador cortou a árbore... ata que por fin o conseguiu. Unha historia sobre o amor pola natureza e a convivencia respectuosa con ela.



EMEÉ-SALVORA

978-84-7888-309-7

1996

ODS 17



13

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

gálix

ACCIÓN POLO CLIMA

Banda deseñada

Lecturas autónomas



Bulleira. As abraiantes aventuras de Mariña 2



Simón Blanco, Ignacio Hernández e Miguel Robledo



Simón Blanco



Tras dez anos de escuridade coa perda da electricidade, polos positivos e negativos investigan como recuperar a enerxía. Mariña verase envolta nunha nova aventura rodeada dos segredos do camiño de Santiago.



978-84-123849-5-6

2021

ODS 7

ACCIÓN POLO CLIMA

Banda deseñada

Lecturas autónomas



Carriandola. As abraiantes aventuras de Mariña



Simón Blanco



Simón Blanco



Nun ano 2020 sumido na escuridade porque a electricidade desapareceu para sempre, Mariña emprende unha aventura na busca da luz nun lugar da Vía da Prata. Como chegou a desaparecer a electricidade e que fará Mariña para recuperar a luz?



9788412132410

2020

ODS 7

ACCIÓN POLO CLIMA

Narrativa

Lecturas autónomas



Clara e o rapto do solpor




José Julio Fernández Rodríguez



Enrique López López



O solpor está a piques de desaparecer por mor da contaminación. Clara e os seus amigos do bosque deberán traballar xuntos para impedi-lo. Unha historia sobre a cooperación e o coidado do medio ambiente.



Novas lecturas de Hércules

978-8494650215

2017

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA

Narrativa

Lecturas autónomas



O ceo dos afogados



Francisco Castro



O mesmo día, na mesma hora, todos os delfíns do mundo se concentran no mesmo punto de tódolos mares e nadan cara á costa; de súpeto, detéñense en círculos, en silencio. Unha historia de misterio que aborda o tema da importancia da comunicación, o respecto dos humanos polos animais e a necesidade dun xeito de vida máis sostible para manter o equilibrio ecolóxico, en grave perigo.



Fóra de xogo

978-84-9914-190-9

2011

ODS 14

ACCIÓN POLO CLIMA

Narrativa

Lecturas autónomas



O home que plantaba árbores



Jean Giono



Jacobo Fernández Serrano



Ánxela Rodríguez Rodríguez



A historia de Elzeard Bouffier, un pastor que durante anos e anos se adicou a repoboar con árbores un territorio ermo da Provenza, converténdoo nun paraíso verde. Un canto de amor á terra e ao traballo por coidala e respectala, contribuíndo ao seu enriquecemento e evitando á súa destrución.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

978-84-9865-155-3

2009

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA

Libro informativo

Lecturas autónomas



Que teñen que ver as vacas co cambio climático?



Marián Martínez Izquierdo e Luisa Martínez Lorenzo



Luisa Martínez Lorenzo



O solpor está a piques de desaparecer por mor da contaminación. Clara e os seus amigos do bosque deberán traballar xuntos para impedi-lo. Unha historia sobre a cooperación e o coidado do medio ambiente.



HÉRCULES DE EDICIONES

Preparados, listos...xa!

978-84-18966-08-8

2022

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA

Libro informativo

Lecturas expertas



A historia de Greta. Non es demasiado pequeno para facer cousas grandes



Valentina Camerini



Veronica Veci Carratello



Moisés Barcia Rodríguez



Coñecer a vida de Greta Thunberg, a rapaza que iniciou o movemento *Fridays for future* demostrará á rapazada que eles tamén poden facer algo polo seu planeta, porque pequenas accións, coma no caso de Greta, acaban xerando grandes movementos polo clima.



sushi books

Intermedio libros

978-84-16884-32

2020

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA

Narrativa

Lecturas expertas



A terra de Anna



Jostein Gaarder



David Álvarez Martínez



Anna recibe polo seu aniversario un agasallo moi especial: un anel cun rubí que fará que comece a ter soños premonitorios. Nestes soños verá á súa bisneta Nova en 2082, nun mundo ameazado pola suba do nivel do mar, o avance dos desertos e a desaparición de multitude de especies. Tras este soño, Anna tratará, xunto co seu amigo Jonas e o doutor Benjamin, de advertir ao mundo do que pode pasar e das ameazas que fan perigar o planeta.



FAKTORIA DE LIBROS

Narrativa K

978-84-16721-14-6

2017

ODS 17



13

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

ACCIÓN POLO CLIMA



Biodiversidade. Cara a unha sexta edición masiva



Sylvestre Huet (coord.)



Miguel Braña Montaña



O planeta encamiñase a unha fase de extinción masiva. Que a causa e que podemos facer nós para freala?

Libro informativo



Lecturas expertas



978-84-945917-2-3

2017

ACCIÓN POLO CLIMA



O libro do clima. Todo o que cómpre saber sobre o cambio climático



Esther Gonstalla



Patricia Buxán Outeiro



A autora reflicte, nesta obra de carácter divulgativo, as consecuencias que os cambios no clima están a ter nas distintas zonas da terra, axudándose de gráficos (vagas de calor, inundacións, ondadadas de frío...). Analiza o efecto das nosas accións sobre o clima e pretende expor tamén posibles solucións que poñan freo a este deterioro.

Libro informativo



Lecturas expertas



978-84-122499-0-3

2020

ACCIÓN POLO CLIMA



Os tempos e o clima de Galicia



Alberto Martí Ezpeleta, Juan José Taboada Hidalgo, Dominic Royé e Xavier Fonseca Blanco



Ademais de ofrecernos datos e curiosidades sobre o tempo e o clima en Galicia, como cales son os lugares máis e menos calorosos ou onde chove máis e menos, e explicarnos cales son os principais fenómenos meteorolóxicos que afectan á nosa terra, esta obra explica os principais efectos do cambio climático aquí, como prexudican á nosa vida cotiá e cales son as perspectivas de futuro.

Libro informativo



Lecturas expertas



Xerais Básicos Ciencia

978-84-1110-224-7

2022

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA



Salvemos o planeta. Respostas rápidas para preguntas enxeñosas



Roser Ruiz Laguas



Bruno Martínez Tabares



Un libro co que aprender os perigos que ameazan o noso planeta e como combatelos: o plástico, os vertidos ao mar, o exceso de residuos... un achegamento aos principais causantes do cambio climático e o deterioro do planeta.

Libro informativo



Lecturas expertas



Xerais Básicos Ciencia

978-8491217497

2022

ODS 7, 11 e 15



ACCIÓN POLO CLIMA

Libro informativo

Lecturas expertas



Transición ecolóxica. Manual de uso




Philippe Frémeaux, Wojtek Kalinowski e Aurore Lalucq



Miguel Braña Montaña



Unha reflexión sobre as crises cada vez máis graves que o cambio climático e o esgotamento dos recursos van provocar na Terra, e unha proposta para outro xeito de vida, de consumir, traballar, producir... máis respectuoso co medio e con nós mesmos.



catroventos
EDITORA

978 84 945917 0 9

2016

ODS 17

E TAMÉN...

A terra queima

O abc do clima

Sementes de papel



VIDA SUBMARINA



Animalia 3. Azul



Xosé Tomás




Xosé Tomás



Colección de historias gráficas “autoconclusivas” que nas que os protagonistas son animais acuáticos. A través delas vaise facendo unha reflexión sobre a condición humana ao tempo que se reflicte a diversidade animal deste hábitat.

Banda deseñada



Primeiras lecturas



Merlín cómics

978-84-9121-846-3

2021

VIDA SUBMARINA



Animalia 2. Branco



Xosé Tomás




Xosé Tomás



Colección de historias gráficas nas que os protagonistas con animais que habitan nos polos. A través delas vaise facendo unha reflexión sobre a condición humana ao tempo que se reflicte a diversidade animal deste hábitat.

Banda deseñada



Primeiras lecturas



Merlín cómics

978-84-9121-526-4

2019

VIDA SUBMARINA



Benxamín, o cachalote que quería ser golfinho



Paula Carballeira



Paula Millán



Benxamín é un pequeno cachalote que quere ser coma os golfinhos: saltar, cantar e recitar poesía. A única que entende a Benxamín é Minerva, a súa amiga tartaruga. Benxamín perde o ánimo, enferma de tristeza e é Minerva quen acode na súa axuda para evitar que a súa especie desapareza.

Trata o tema do perigo de extinción das especies por mor da contaminación mariña.

Álbum ilustrado



Primeiras lecturas



978-84-949231-2-8

2019

ODS 7 e 12

VIDA SUBMARINA



Evaristo, un corvo moi listo



Manolo Uhía



Manolo Uhía



Lino percorre o fondo mariño acompañado do seu amigo o corvo Evaristo, o mellor guía que podería ter, xa que coñece polo miúdo o lugar. Unha historia para coñecer a diversidade do hábitat submarino.

Narrativa



Primeiras lecturas



Montaña encantada

978-84-4030-430-8

2002

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Primeiras lecturas



O mar



Mathilde Paris



Mélanie Combes e Jean-Sébastien Deheeger



Un libro informativo para descubrir o apaixonante mundo do mar, con todos os seres con formas e costumes sorprendentes.



BAÍA EDICIÓN



Descubro e aprendo



9788499952734



2018

VIDA SUBMARINA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



O arrecife de coral



Radka Píro



Martin Sojdr



María Reimóndez



Un libro "troquelado" para descubrir as marabillas que se agochan nos arrecifes de coral, poñer en valor a súa diversidade e invitar a preservalos fronte aos danos que infrinximos ao mar.



BAÍA EDICIÓN



Explora o reino animal



978-84-9995-359-5



2021

VIDA SUBMARINA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



O peixe Arcodavella



Marcus Pfister



Marcus Pfister



Iago Nicolás Ballesteros



Era o peixe máis bonito de todo o océano. O seu vestido de escamas brillaba con todas as cores do arco da vella. Os demais peixes admirábano e chamaban por el para xogaren xuntos, pero o peixe Arcodavella ignorábaos. Todo cambiou cando lle negou unha das súas escamas brillantes a un peixiño azul; dende entón, todos lle deron as costas e o peixe Arcodavella quedou só e triste.



Kalandraka



Tras os montes



978-8484644170



2019

VIDA SUBMARINA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Os Bolechas 18. Os océanos



Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



Nesta entrega dos coñecidos Bolechas, Tata aprenderá unha morea de cousas sobre os océanos: as zonas que os forman, a súa flora, os distintos animais que os habitan... Unha historia para poñer en valor a riqueza e diversidade do medio mariño.



bolanda



Biblioteca básica.
Os bolechas



978-84-608-2011-6



2016



14

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

VIDA SUBMARINA



Peixe



Emilio Urberuaga




Javier Zabala



Peixe é un inconformista, e nin o mar, nin a terra, nin o ceo son abondo para afogar as súas ansias de explorar e percorrer praias e rúas nun irónico canto á liberdade, á creatividade e ao desenvolvemento persoal.

Álbum ilustrado



Primeiras lecturas



Bululú



978-84-18667-40-4



2022

VIDA SUBMARINA



Poemar o mar



Antonio García Teijeiro



Xan López Domínguez



Un libro de poemas que teñen en común o tema do mar con todos os elementos que forman parte dese mundo.

Poesía



Primeiras lecturas



XERAIS



Merlín



978-84-9121-018-4



2016



Premio Nacional de
Literatura Infantil e
Xuvenil, 2017

VIDA SUBMARINA



Ardora



Beatriz Maceda Abeleira




Laura Veleiro



Nereida, xunto cos seus irmáns, queda ao cargo da súa vella tía Lola cando as súas nais saen de xira. Durante esta etapa sucederá algo que as fará reflexionar sobre a importancia de coidar os mares e os seres que neles habitan.

Narrativa



Lecturas autónomas

urco
EDITORA

978-84-949456-0-1



2019



II Premio María Victoria
Moreno de Literatura
Xuvenil, 2019



ODS 5 e 10

VIDA SUBMARINA



Area maior



Manuel Martínez Barreiro




Marcela Santorun



Os animais que habitan as augas e a area da Praia dos Muíños, en Area Maior, néganse a seguir vivindo en augas toldadas e inician unha revolta contra os Bocatorta. Unha historia que nos fala da loita pola conservación do medio natural, especialmente do mariño.

Narrativa



Lecturas autónomas



XERAIS



Merlín



978-84-9782-601-3



2007



ODS 17

VIDA SUBMARINA

Banda deseñada

Lecturas autónomas



Gol. Aventuras no mar



Tokio



Tokio



A través das súas tiras transmítesenos unha mensaxe ecolóxica sobre a fauna mariña.



978-84-947396-8-2

2018

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Lecturas autónomas




Baleas e golfinhos



Caroline Harris



Unha obra que nos acerca ás baleas e golfinhos, os seus costumes e o seu hábitat, ao tempo que propón diversas actividades para coñecelos mellor.



Os primeiros coñecementos da ciencia

978-84-96893-22-1

2007

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Lecturas autónomas



Inventario ilustrado dos mares



Virginie Aladjidi



Emmanuelle Tchoukriel



Fernando Moreiras Corral



Unha guía ilustrada que nos mostra a diversidade mariña, con máis de cen animais e plantas para poñer en valor a riqueza dese medio natural.



978-84-1525-048-7

2013

VIDA SUBMARINA

Poesía

Lecturas autónomas



Mar de mazá



Elvira Ribeiro Tobío



Begoña G. Arce



Poemas para amosar todos os segredos que atesoura o mar. Seguindo o son destas rimas sucarrás océanos, mirarás as ondas e descubrirás os tesouros que o mar agacha.



978-84-9151-560-9

2020



14

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

gálix

VIDA SUBMARINA

Banda deseñada

Lecturas autónomas



Micro algas, o mar de ardora



Xulia Pisón



Xulia Pisón



Nesta nova aventura, Spirulina e os seus compañeiros, representantes das distintas familias de microalgas, terán que loitar contra unha veredura de residuos tóxicos que contaminan as augas que habitan o pobo dos mareel dende hai xeracións.



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



Ciencia Aberta



978-8497497435



2020

VIDA SUBMARINA

Banda deseñada

Lecturas autónomas



Micro algas, o mundo oculto



Xulia Pisón



Xulia Pisón



Un grupo de adolescentes loitan contra as ameazas que sofre o medio ambiente. A través da historia imos coñecendo as distintas familias de microalgas, personificadas nunha cuadrilla de rapaces e rapazas antropomórficos que defenden o planeta grazas aos seus poderes para pelexar contra a contaminación ou completar a nosa alimentación.



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



Ciencia Aberta



978-84-9749-696-4



2019

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Lecturas autónomas




Océanos e mares



Caroline Harris



Texto e fotografías mostran, ata o máis mínimo detalle, as profundidades do mar e as súas criaturas. Ao tempo propóñennos interesantes actividades e pequenos experimentos para poñer en valor e apreciar o mundo mariño.



BAÍA EDICIÓNS



978-84-96893-23-8



2007

VIDA SUBMARINA

Narrativa

Lecturas autónomas



O futuro roubado



Ramón Caride



Miguelanxo Prado



Said e Sheila, os dous irmáns que viven no mundo futuro (e nos envían mensaxes ao presente) desaparecen misteriosamente. É a súa amiga Irina a que o descobre cando vai visítalos ao seu muíño de Loreda. Said e Sheila terán que plantarlle cara a poderosos grupos que, buscando enriquecerse, pretenden destruír a beiramar, sen pensar no desastre ecolóxico e cultural que van provocar.



XERAIS



Merlín



978-84-8302-743-1



2002



VIDA SUBMARINA

Narrativa

Lecturas autónomas



O libro do verán



Tove Jansson



Tove Jansson



Moisés Barcia



Unha illa é o espazo natural de historias que tratan de convidar a unha reflexión sobre o mar e demais misterios da natureza, nas voces dunha avoa e a súa neta.



Avanzado

978-84-16884-12-4

2018

VIDA SUBMARINA

Narrativa

Lecturas autónomas



Os piratas da illa esperanza



X. H. Rivadulla Corcón



Adrián Solleiro



Novela de temática mariñeira. O Club de Lectura Pedra dos Corvos len A Illa do Tesouro. Cando coñecen ao Vagabundo, un vello e nobre navegante, vivirán unha arriscada aventura que os levará a embarcarse no Praia de Quenxe para procurar un tesouro na illa da Esperanza.



Merlín

9788497827287

2008

VIDA SUBMARINA

Narrativa

Lecturas autónomas



Un verán en Flámia



Marcos Calveiro



Xiana Teimoy



A familia decide castigar a Uxío despois de que el fai un mal uso do móbil. A permanencia nun campamento asentado nunha illa, faíno enfrentar a outra realidade: a vella factoría de baleas na que traballou a xente da zona, un baleato varado ao que salvar e o compañeirismo entre a rapazada.



Ala Delta

978-8490465202

2022

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Lecturas expertas



Alén do azul. O mundo submarino da ría de Vigo



Sara Carrasco e Silvia Iglesias



Sara Carrasco e Silvia Iglesias



Guía ilustrada que nos achega ás marabillas da flora e da fauna que se atopan na ría de Vigo. Un libro para poñer en valor o hábitat mariño próximo, con textos, fotografías e mesmo enlaces a vídeos mediante códigos QR.



978-84-949154-9-9

2020



LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Lecturas expertas




Algas mariñas de Galicia



J. Otero Schmitt, Patricia Comesaña Martínez e Marisa Castro



Unha análise das algas mariñas a través da súa definición, clasificación e taxonomía, nomenclatura científica, a auga do mar e os factores de distribución das algas...



B BAÍA EDICIÓN

Baía Verde
978-84-89803-26-8
2001

VIDA SUBMARINA

Libro informativo. Guía ilustrada

Lecturas expertas



Guía definitiva dos peixes da Galiza



Ignacio Munilla Rumbao e Francisco Lapeña Otero



Ignacio Munilla Rumbao e Francisco Lapeña Otero



Guía ilustrada que recolle 51 peixes comúns que se atopan nos mares galegos, cunha descrición acompañada de lendas e contos nos que cada especie é a protagonista. Un libro para coñecer a diversidade dos nosos peixes e as historias relacionadas con eles.



AUTOEDITADO

978-84-09-26337-0
2020

VIDA SUBMARINA

Libro informativo

Lecturas expertas



Guía das macroalgas de Galicia



Jorge Otero Schmitt, Patricia Comesaña Martínez e Marisa Castro Cerceda



Carlos Silvar



Guía ilustrada que recolle as 90 macroalgas que atopamos nas nosas costas, cunha descrición detallada do seu hábitat, características, cultivo e aproveitamento. Unha mostra máis da importancia do medio mariño para a terra e os seus habitantes.



B BAÍA EDICIÓN

Baía Verde
978-84-89803-22-0
2002

VIDA SUBMARINA

Libro de artista

Lecturas expertas



Nación Mar



Xosé Iglesias



Xosé Iglesias



Unha chamada de atención sobre un ecosistema que loita por sobrevivir sen perder a súa esencia. As evolucións ilustradas de barcos a cetáceos transmiten a beleza dun universo, a simbiose entre os seus moradores e o valor dos coñecementos que nacen da experiencia.



B Bululú

978-84-18667-01-5
2021